



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Anuncio establecemento dos prezos públicos pola venda de artigos e produtos promocionais da Festa do queixo do Concello de Arzúa e aprobación de acordo regulador

ANUNCIO ESTABLECEMENTO PREZOS PÚBLICOS

O pleno do concello de Arzúa na sesión ordinaria celebrada 05/02/2026, aprobou:

PRIMEIRO. Derrogar o Acordo Regulador de prezos públicos de produtos promocionais do 50 aniversario da Festa do Queixo do Concello de Arzúa, con efectos desde a data de publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

SEGUNDO. Aprobar o establecemento de prezos públicos e o Acordo Regulador dos mesmos , pola venda de artigos e produtos promocionais da Festa do Queixo do Concello de Arzúa, co seguinte contido

ACORDO REGULADOR DOS PREZOS PÚBLICOS POLA VENDA DE ARTIGOS E PRODUTOS PROMOCIONAIS DA FESTA DO QUEIXO DO CONCELLO DE ARZÚA

Artigo 1. Fundamento e natureza

1. De conformidade co disposto nos artigos 2.1.e) e 41 a 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e pola Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, o Concello poderá establecer e esixir prezos públicos.

2. O obxecto deste acordo regulador dos prezos públicos pola venda de artigos e produtos promocionais da Festa do Queixo é establecer a normativa xeral e regular o establecemento, fixación, xestión e cobro dos prezos públicos segundo o establecido no Capítulo VI do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e outras normas concordantes sobre facendas locais.

Artigo 2. Obriga de pago

Constitúe a obriga de pago destes prezos públicos a adquisición a título oneroso dos artigos ou produtos promocionais da Festa do Queixo que se concretan neste acordo regulador.

A entrega de produtos promocionais reservados para actos protocolarios non estará suxeita aos presentes prezos públicos.

Artigo 3. Obrigado ao pagamento

Están obrigados ao pagamento destes prezos públicos as persoas físicas ou xurídicas que, por si mesmas ou a través dos seus representantes, adquieran os artigos ou produtos promocionais da Festa do Queixo que se recollen neste acordo.

Artigo 4. Data de nacemento da obriga de pago

Os prezos públicos serán esixibles no momento da adquisición do artigo ou produto promocional da Festa do Queixo a que fai referencia o artigo seguinte..

O pago do prezo efectuarase no momento da entrega.

Artigo 5. Contía dos prezos públicos

PRODUTO	PREZO DE VENDA/UD EN EUROS
Camisola infantil edición	8,00 €
Camisola infantil edicións anteriores	5,00 €
Camisola adulto edición	10,00 €
Camisola adulto edicións anteriores	5,00 €
Suadoiro infantil edición	19,00 €

PRODUTO	PREZO DE VENDA/UD EN EUROS
Suadoiro infantil edicións anteriores	10,00 €
Suadoiro adulto edición	25,00 €
Suadoiro adulto edicións anteriores	15,00 €
Mandís (prezo expositores)	10,00 €
Mandís (prezo venda pública)	12,00 €
Mandís edicións anteriores	5,00 €
Bolsa tea edición	3,00 €
Bolsa tea edicións anteriores	1,50 €
Prato Festa do Queixo edición	15,00 €
Prato Festa do Queixo edicións anteriores	8,00 €
Libro receitario 50 edición	5,00 €
Cunca edición	8,00 €
Cunca edicións anteriores	5,00 €
Botella reutilizábel edición	12,00 €
Botella reutilizábel edicións anteriores	6,00 €
Vaso reutilizábel 33 CL	1,00 €
Vaso reutilizábel 90 CL	1,50 €
Lámina A4	1,50 €
Lámina A3	2,00 €
Caderno edición	7,00 €
Caderno edicións anteriores	3,00 €
Paraugas pregable	10,00 €
Paraugas mango curvo	8,00 €

Artigo 6. Imposto sobre o Valor Engadido

Segundo o establecido na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, estes prezos públicos están suxeitos ao imposto e non exento.

Os prezos indicados no artigo 5 do presente acordo levan incluído o importe do Imposto sobre o Valor Engadido.

Artigo 7. Normas de xestión

Os prezos públicos liquidaranse pola totalidade dos artigos ou produtos adquiridos polo obrigado ao pagamento.

O ingreso do importe liquidado realizarase mediante TPV no momento da entrega do produto, expedíndose o recibo ou ticket da liquidación.

Mensualmente o responsable da dependencia onde se realice a venda dos produtos e artigos presentará na tesourería municipal a conta de recadación realizada, emitíndose o correspondente mandamento de ingreso e carta de pago xustificativa.

Artigo 8. Modificación

A modificación dos prezos públicos fixados no presente Acordo Regulador corresponderá ao Pleno da Corporación, en virtude do artigo 47.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sen prexuízo da súa posible delegación na Xunta de Goberno Local.

Disposición Final

O presente Acordo Regulador entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.

O que se fai publico para o seu debido coñecemento.

En Arzúa, 9 de febreiro de 2026

O alcalde

Asdo: Xoan Xesus Carril Ramos

2026/766